

LIÑAS ESTRATÉXICAS

DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia

1. Escenarios

- O actual **contexto de escaseza orzamentaria** obriga a facer un exercicio de responsabilidade, e desenvolver o noso compromiso coa promoción e difusión da cultura facendo un especial esforzo na xestión cultural a través da mellora da organización e a eficiencia da acción pública.
- Esta situación de crise económica e financeira afecta tamén ao **tecido empresarial do sector cultural, e especialmente á industria do libro**, nunha encrucillada marcada pola aparición de novos soportes para a lectura e por rápidos cambios nos hábitos de lectura derivados das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Ademais deste escenario que afecta especialmente á industria do libro, o apoio decidido a este sector é irrenunciabile, dado que o libro constitúe un instrumento fundamental para a **difusión da nosa cultura e a nosa lingua**.
- Os **cambios tecnolóxicos inflúen moi especialmente no ámbito cultural**, polo que a acción pública require para a súa xestión de ferramentas de observación que lle permitan anticipar os cambios e afrontar os retos futuros.

2. Principios

- A **promoción da cultura e a lingua galega** constitúe un elemento clave da nosa identidade e a referencia común que contribúe ao noso desenvolvemento integral.
- A **cooperación e colaboración** con todos os axentes culturais, tanto administracións, institucións, asociacións ou industria, é fundamental para garantir a eficacia da acción pública.
- O apoio á industria cultural é esencial para consolidar este sector estratéxico, e especialmente o **sector galego do libro**, que require un marco de xestión específico e propio.
- Cómpre prestar **especial atención ás novas propostas** e ás iniciativas emerxentes que investigan en novos formatos, tecnoloxías e produtos, xa que son a garantía da sostibilidade da actividade cultural.
- As iniciativas de promoción deben posuír **unha visión ampla e integral das manifestacións culturais**, que hoxe se caracterizan por unha cada vez maior diversidade e transversalidade.
- O impulso ao **uso do galego na actividade cultural e a adaptación as novas tecnoloxías** son principios que deben aplicarse de forma transversal a toda a acción pública de promoción e difusión cultural.

3.1.

Identificación de áreas estratégicas

Os actuais escenarios nos que desenvolvemos o noso mandato de promoción e difusión cultural obrigan a facer un exercicio de reflexión sobre a acción pública en materia de promoción e difusión da cultura.

Os principios de cooperación e colaboración, de apoio ao sector, de promover a creación e de difundir a cultura leváronnos a identificar seis áreas estratégicas a través das que desenvolver o labor de **creación de valor público en materia de promoción e difusión cultural**:

- **Cooperación cultural**
- **Bibliotecas e fomento da lectura**
- **Promoción da nova creación**
- **Difusión da cultura**
- **Apoio ao sector cultural**
- **Planificación e xestión**

3.2.

Descrición das áreas estratéxicas

- **Cooperación cultural:** área clave na dinamización cultural e na súa difusión equilibrada no territorio, cédelles o protagonismo da produción aos axentes ou administracións locais máis próximos ao cidadán ou colabora con propostas de calidade doutras institucións.
- **Bibliotecas e fomento da lectura:** equipamento cultural básico que presta un servizo imprescindible para promover a accesibilidade á cultura e fomentar a lectura.
- **Promoción da nova creación:** área de apoio ao sector da creación desde unha perspectiva ampla, poñendo especial énfase na promoción de propostas emerxentes.
- **Difusión da cultura:** accións de difusión cultural con iniciativa da Dirección Xeral orientadas a obxectivos concretos a través da organización de eventos, conmemoracións, campañas de comunicación, premios ou programación cultural propia.
- **Apoio ao sector cultural:** área de apoio ao sector económico da cultura, como axente estratéxico para achegar os produtos culturais aos cidadáns.
- **Planificación e xestión:** labor da mellora da organización, información, planificación e xestión interna orientado a facer máis eficiente o servizo de promoción e difusión cultural.



4.

Obxectivos estratéxicos

1

Cooperación cultural

Cooperar coas administracións e as institucións e afondar na colaboración co tecido asociativo promovendo o seu labor na prestación de servizos culturais

2

Bibliotecas e fomento da lectura

Incrementar a calidade e versatilidade do sistema bibliotecario e empregalo como equipamento clave para o fomento da lectura

3

Promoción da nova creación

Fomentar a participación cidadá no mundo da cultura, estimular a creatividade e garantir a sostibilidade da produción cultural

4

Difusión da cultura

Espallar a cultura na sociedade mediante a presenza nos medios de comunicación e a organización de eventos e actividades culturais propias

5

Apoio ao sector cultural

Colaborar co sector cultural como ámbito económico estratéxico para un desenvolvemento integral da sociedade

6

Planificación e xestión

Mellorar a calidade e a eficiencia do servizo público a través de iniciativas de información, planificación, xestión e desenvolvemento normativo

5.1.

Programas de «Cooperación cultural»

Programa de cooperación con entidades públicas e concellos

- Cooperación con concellos para o equipamento e mellora dos seus locais culturais
- Cooperación con concellos para a realización de actividades culturais
- Programación de artes escénicas e musicais: Circuitos culturais

Programa de colaboración con entidades e asociacións culturais

- Colaboración con asociacións e fundacións de interese cultural para a realización de actividades culturais
- Colaboración con asociacións e fundacións culturais para o equipamento e mellora de locais
- Axudas á promoción da lectura e da creación de “clubs de lectura”
- Colaboración coas distintas federacións galegas: Federación de Bandas, Federación Coral Galega, Federación de Teatro Afeccionado etc.: Circuitos culturais

5.2.

Programas de «Bibliotecas e fomento da lectura»

Programa de mellora da infraestrutura bibliotecaria

- Actuacións de mellora do equipamento, dotación e servizos da Rede de Bibliotecas de Galicia
- Apertura da Biblioteca de Galicia (Fundación Cidade da Cultura)

Programa de animación á lectura

- Actividades de animación á lectura (no marco da celebración do Ano do Libro e da Lectura en 2010)
- Proxecto para unha iniciación á lectura apoiada en audio (no marco da celebración do Ano do Libro e da Lectura en 2010)
- Creación da biblioteca galega de Bos Aires

5.3.

Programas de «Promoción da nova creación»

Programa de promoción da banda deseñada

- Difusión das coleccións de cómic nas bibliotecas galegas
- Organización de eventos ao redor do cómic
- Bolsas de banda deseñada
- Apoio ao estudo, investigación e promoción dos autores galegos

Programa de axudas á creación

- Axudas a artistas e galeristas
- Programa “Novos espazos, novos valores”
- Talleres de creación literaria dirixidos por escritores galegos (no marco da celebración do Ano do Libro e da Lectura en 2010)
- Proxecto “Casa dos Tradutores”

5.4.

Programas de «Difusión da cultura»

Programa de actividades da celebración do Ano do Libro e da Lectura 2010

- Inclúe diferentes actividades organizadas en cinco apartados temáticos:
 - **Animación cultural**
 - **Congresos e conmemoracións**
 - **Promoción e difusión do libro**
 - **Fomento da lectura e da escrita**
 - **Xestión do libro e bibliotecas**

Programa de difusión da cultura galega

- Celebración de datas conmemorativas (no marco da celebración do Ano do Libro e da Lectura en 2010)
- Premios da Cultura Galega (Letras, Artes plásticas, Artes escénicas, Patrimonio cultural e Promoción e difusión da cultura)

Programa cultural da Dirección Xeral

- Participación na programación do Xacobeo e difusión cultural do CGAC
- Exposicións da Casa da Parra

5.5.

Programas de «Apoio ao sector cultural»

Programa de apoio ao sector do libro

- Axudas á edición mediante adquisición de novidades
- Axudas á tradución mediante orde de subvencións
- Axudas a grandes proxectos editoriais mediante orde de subvencións
- Feiras do libro de Galicia
- Axudas a publicacións galegas de cómic

Programa de promoción da produción cultural

- Difusión do cómic galego no exterior (presenza en Angoulême, Bruxelas, Navarra e Barcelona) (no marco da celebración do Ano do Libro e da Lectura en 2010)
- Promoción do libro no exterior: feiras internacionais (Boloña, Bos Aires, Liber en Madrid, Frankfurt, Guadalaxara) (no marco da celebración do Ano do Libro e da Lectura en 2010)

5.6.

Programas de «Planificación e xestión»

Programa de mellora da xestión da promoción e difusión cultural

- Creación dun Observatorio galego do libro e da lectura
- Mellora da xestión da edición institucional da Xunta de Galicia

Programa de desenvolvemento do marco legal en materia de libro e bibliotecas

- Desenvolvemento da Lei do libro (xa iniciada coa creación do Rexistro de Librerías) mediante a creación da Cámara do Libro de Galicia
- Preparación da nova Lei de bibliotecas coa creación do Mapa de bibliotecas e o Plan de bibliotecas

6. Orzamento

Para o ano 2010 o orzamento global da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura ascende a **16.937.177 €**, que se reparten, por ámbitos temáticos, nos seguintes apartados:

- Política de asentamento da industria do libro: **1.980.000 €**
- Ano do Libro e da Lectura: **2.850.000 €**
- Bibliotecas: **5.154.677 €**
- Cómic e banda deseñada: **600.000 €**
- Circuitos culturais: **1.250.000 €**
- Artes plásticas: **405.000 €**
- Premios da Cultura Galega: **150.000 €**
- Colaboracións con asociacións e fundacións: **1.465.500 €**
- Colaboración con concellos: **3.082.000 €**

ANEXO



I.

Unha celebración

O libro está nunha encrucillada. Novos soportes de lectura, cambios nos hábitos culturais, mercados globais ou a progresiva dimensión da cultura como ben de consumo debuxan un escenario de retos, pero tamén de oportunidades.

Dentro das actividades deste ano 2010 haberá encontros e congresos especializados nos que se abordarán estes temas, pero sobre todo será **unha celebración, unha festa arredor do libro.**

O programa de actividades, aínda aberto a novas achegas e iniciativas, incluírá actuacións nos seguintes eidos:

- Animación cultural
- Congresos e conmemoracións
- Promoción e difusión do libro
- Fomento da lectura e da escrita
- Xestión do libro e bibliotecas

II.

Accións de animación cultural

Inicio e peche do Ano do Libro e da Lectura

- **«Libros sobre Rodas»**, campaña de fomento da lectura na que un autobús equipado para labores de animación percorrerá as vilas das catro provincias cun grupo de animadores que agasallará os viandantes cun libro sobre a historia galega e universal do libro.
- **«A Noite dos Libros»**, accións de animación cultural que se realizarán en diferentes puntos de Galicia no peche do Ano do Libro e da Lectura.

«Camiños de amor e lúa»

- **Trinta espectáculos de poesía e música** que achegarán a voz dos autores e autoras a trinta concellos dos nove Camiños que levan a Santiago.

Exposicións

A maior parte das exposicións deste Ano están relacionadas cos congresos e homenaxes que se celebrarán (Torrente Ballester, Luís Seoane, Rosalía de Castro e Uxío Novoneyra). Ademais, pódense salientar:

- **«Libros de literatura contra a guerra»**, en colaboración co Foro Mundial da Educación.
- **« A palabra convertida en arte»**, exposición e taller sobre escrita medieval.

III.

Congresos e conmemoracións

Encontros e congresos

Entre outros congresos que se celebrarán este ano, pódense salientar:

- «**I Encontro Internacional sobre Literatura de Viaxes**», apoio ao «**Congreso Internacional de Literatura Infantil e Xuvenil IBBY**» e a «**Semana Auria de Novela Histórica**».

Centenarios e outras homenaxes

- Celebraranse actos conmemorativos en 2010 co gallo do centenario do nacemento de **Gonzalo Torrente Ballester** e de **Luís Seoane**, que inclúen exposicións e edicións especiais
- Homenaxes a **Rosalía de Castro**, polo cumprimento de 125 anos do seu pasamento (concertos poético-musicais e intervención en fachadas en Padrón), e a **Uxío Novoneyra**, ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas (concertos con poemas musicados, documentais para televisión, edición especial de banda deseñada e un congreso sobre a súa figura).

Outras conmemoracións

- **Día das Letras Galegas, Día de Rosalía** e días internacionais do Libro, da Poesía, do Teatro, do Libro Infantil e Xuvenil e da Tradución.
- **Día Internacional da Poesía**: celebración especial con festival de música medieval e a edición dun libro con poemas do trobador Airas Nunez.

IV.

Actividades de promoción e difusión

Presenza en feiras do libro

- **Feiras do libro galegas:** potenciación das feiras tradicionais de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Lalín, Vigo, Noia, A Coruña, Viveiro, Foz, Santa Comba e Monforte de Lemos. Cada unha das feiras contará cunha caseta conmemorativa do Ano do Libro e da Lectura.
- **«A Festa das Letras».** Programación especial que se realizará en 2010 na feira de Lugo e que irá cambiando cada ano de localidade.
- **Feiras internacionais:** Boloña, Bos Aires, Madrid, Frankfurt e Guadalaxara.
- **Feiras de banda deseñada:** Angoulême, Bruxelas, Navarra e Barcelona.

Presenza do libro nos medios de comunicación

- Na **Televisión de Galicia** emitirase no informativo de maior audiencia un microespazo titulado **«Palabra de autor, palabra de autora»**, que contribuirá a darlles visibilidade ao libro e aos escritores. Tamén na **radio** se emitirán entrevistas diarias con autores, e fomentarase a colaboración cos suplementos literarios ou outras seccións sobre o libro e a lectura nos **medios de comunicación escritos**.

Fomento da lectura e da escrita

Animación á lectura

- **«Cruzando Libros»** en centros de información ás mulleres mediante a creación de puntos de encontro ao redor do libro (en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade).
- **«Bocaberta»**, actividades de promoción do uso do galego por toda Galicia deseñadas coas principais editoriais (en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística).
- Experiencia piloto de animación á lectura infantil con textos e audio.

Fomento da escrita e edicións especiais

- **Talleres abertos de creación literaria** dirixidos por escritores galegos.
- **Biblioteca infantil** de contos creados por escolares e que se editarán nunha colección especial.
- **Casa dos Tradutores**, lugar de encontro para os que se dedican á tradución.

Biblioteca galega de Bos Aires

- **Sección do libro galego** na Biblioteca Julio Cortázar de Bos Aires e que se inaugurará cunha exposición de fondos galegos sobre o escritor arxentino.

Xestión do libro e bibliotecas

Desenvolvemento da Lei do libro e da lectura de Galicia

- Levaranse a cabo accións para o desenvolvemento da Lei 17/2006 do libro e a lectura. Xa comezamos este labor coa creación do Rexistro de Librerías e continuarémolo en 2010 reforzando as canles de comunicación e mediante a creación da **Cámara do Libro de Galicia**.
- Posta en marcha dun **Observatorio galego do libro e da lectura**.

Apertura da Biblioteca de Galicia na Cidade da Cultura

- Apertura ao público da **Biblioteca de Galicia**, situada na Cidade da Cultura, e que se constituirá como cabeceira do sistema galego de bibliotecas e centro de servizos á Rede de Bibliotecas.



LIÑAS ESTRATÉXICAS

DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia